


OS **LEMBRA** PESCA

DO ISSGA

PREVENCIÓN DE RISCOS NA PESCA: SEGURIDADE DENDE O EMBARQUE ATA O DESEMBARQUE




INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMMIGRACIÓN
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)
issga.xunta.gal

AUTORÍA:

Persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga):
José Antonio Rodríguez Arribe, Diego Castro Balboa e Pablo García Fernández
Santiago de Compostela, 2026



© ISSGA. Xunta de Galicia

Prevención de riscos na pesca: seguridade dende o embarque ata o desembarque

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

OS **LEMBRA** PESCA DO ISSGA

**PREVENCIÓN DE RISCOS NA PESCA:
SEGURIDADE DENDE O EMBARQUE ATA O
DESEMBARQUE**



PREVENCIÓN DE RISCOS NA PESCA

EMBARQUE E DESEMBARQUE SEGURO	1
CHALECO SALVAVIDAS DE TRABAÑO AUTOINFABLE	2
COLOCACIÓN DO CHALECO SALVAVIDAS DE TRABAÑO AUTOINFABLE	3
CUBERTAS DE TRABAÑO	4
EQUIPOS DE TRABAÑO	5
SINALIZACIÓN I	6
SINALIZACIÓN II	7
RISCO ELÉCTRICO.....	8
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	9
EQUIPOS DE SALVAMENTO COLECTIVO: AROS SALVAVIDAS	10
BALSAS SALVAVIDAS	11
CADRO ORGÁNICO	12
ESTABILIDADE	13
EMERXENCIAS I: SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMA (GMDSS)	14
EMERXENCIAS II: CHAMADA DE SOCORRO	15
EMERXENCIAS III: INCENDIOS	16
EMERXENCIAS IV: ABANDONO DE BUQUE	17
PRIMEIROS AUXILIOS I	18
PRIMEIROS AUXILIOS II	19
LEXISLACIÓN BÁSICA I	20
LEXISLACIÓN BÁSICA II	21

EMBARQUE E DESEMBARQUE SEGURO

1

Ten presente algunhas recomendacións para acceder á embarcación e saltar a terra con seguridade para eliminar situacións de risco e evitar accidentes.



Utiliza escadas ou pasarelas de acceso a bordo.



As escaleiras de gato fixas nas paredes dos peiraos deberán sobresaír sobre o nivel destas para evitar caídas.



Non embarcar / desembarcar polas defensas ou cabos existentes nas paredes dos peiraos.




Os *fingers* dos pantaláns flotantes son un medio cómodo e seguro de acceder a bordo.




Olo co verdello e algas das ramplas e escaleiras que poden ocasionar esvaróns.




Os medios de salvamento no porto garanten auxilio rápido no caso de caída accidental ao mar.



Non saltar dende o peirao á cuberta cando exista unha diferenza de altura apreciable.



No caso de barcos abarloados, utilizar prancha para pasar entre eles. En caso necesario, saltar na zona comprendida entre a amura e a aleta.



Non acceder con carga a bordo. A carga antes ou despois de saltar.

CHALECO SALVAVIDAS DE TRABALO AUTOINFLABLE

2

O uso dun equipo de protección individual (EPI) é necesario cando as medidas colectivas non evitan un determinado risco (Lei 31/95 de PRL).

O chaleco autoinflable de traballo garántenos a flotabilidade no caso de caída accidental ao mar cando estamos a traballar na cuberta.

Outra normativa de interese: Rd 701/2016 e Rd 543/2007.



UNE-EN ISO 12402-4
UNE-EN ISO 12402-3
UNE-EN ISO 12402-2

CARACTERÍSTICAS E CERTIFICACIÓNS

COMPROBACIÓNS PREVIAS:

- .Inspección visual
- .Botella CO₂ ben rosca
- .Disparo automático ben rosca
- .Bobina de sal: OK
- .Disparador manual accesible
- .Realizar test á radiobaliza



DISPARO AUTOMÁTICO



DISPARO MANUAL



MANTEMENTO:

Seguir as indicacións do fabricante




INFLADO

COLOCACIÓN DO CHALECO SALVAVIDAS DE TRABALLO AUTOINFLABLE

3

A correcta colocación do chaleco salvavidas autoinflable vains permitir manternos a flote no caso de caída accidental ao mar mentres agardamos o rescate.



Coa fibela desenganchada, as correas frouxas e o chaleco de fronte, introducir un dos brazos pola manga do chaleco



A continuación, pasar o outro brazo e vestir o chaleco como se fose unha chaqueta



Encaixar ambas as dúas fibelas ou broches



Cinguir a correa, axustando o chaleco ao corpo



CUBERTAS DE TRABAJO

4

O barco é un centro de traballo móbil e inestable no que é fácil caer ou esvarar. Cómpre que teñas presentes algúns consellos para evitalo:



Preocúpate de que as superficies de traballo estean sempre pintadas con pintura antiesvarante.




Utiliza botas con sola en bo estado que agarre en calquera superficie.



Os embornais sempre libres e despegados de obxectos. Necesitas evacuar a auga que embarcas.



Se o teu barco ten a tapa da regala moi baixa, coloca varandas ao redor para evitar caídas ao mar.



Unha boa solución é colocar candeeiros cun cabo, de xeito que puntualmente se poidan desmontar para realizar algunha faena.



Mantén os cabos e as rabizas adoxados na cuberta. Evitarás enredarte con eles e estarán sempre dispostos para usar.



A colocación de agarradoiras nos corredores, permitirache unha transición segura entre proa e popa.



Atende á estiba do aparello en cuberta, pois inflúe moito máis do que pensas na estabilidade da embarcación.



Preocúpate de que os medios de salvamento situados na cuberta estean sempre accesibles e dispoñibles para o uso inmediato.

EQUIPOS DE TRABAJO

5

Son aqueles elementos (máquinas, aparellos, instrumentos ou instalacións) que nos axudan a desenvolver o noso traballo diario. Rd 1215/1997.



HALADORES DE REDE

Axúdannos a virar a rede e os cabos, pero cómpre facelo de xeito que non nos atrape.



HALADOR DE PRATOS

Non manipular o cabo ou a liña nai cando está a pasar polo halador.



MOLINETES E CABIRÓNS

Non dar máis voltas das necesarias co cabo no tambor, adoxando este ben para non ter riscos engadidos.



PARADA DE EMERXENCIA

Todos os equipos de traballo deben ter un mecanismo de parada inmediata en condicións de seguridade.



GUINDASTRES

Ollo ao mantemento, cóidate das cargas suspendidas. Revisa as liñas hidráulicas e protexe os mandos contra accionamentos involuntarios.




CORREAS E EIXOS DE XIRO

Protexe as correas e órganos móbiles para evitar atrapamentos.



CABOS, PASTECAS, GRIFÓNS, ETC.

Revisa periodicamente o seu desgaste e substitúe os que estean deteriorados. Sempre que sexa posible emprega equipos con marcado CE.



MANUAL DE INSTRUCCIÓN

Atende sempre o disposto polo fabricante dos equipos no manual.



CADROS ELÉCTRICOS

Sempre sinalizados. Deben estar protexidos contra contactos eléctricos directos e indirectos.

SINALIZACIÓN I

6

Segundo as indicacións dos sinais verdes ou vermello coñecemos a situación dos equipos, vías de salvamento e de loita contra incendios.



OMI 210
**BALSA
SALVAVIDAS**



OMI 235
**ARO SALVAVIDAS
CON RABIZA**



OMI 250
**CHALECO
SALVAVIDAS**



OMI 260
**TRAXE
DE INMERSIÓN**



OMI 270
**RADIOBALIZA DE
LOCALIZACIÓN**




OMI 280
**BENGALAS PARA
PEDIR SOCORRO**




OMI 285
**BENGALAS CON
PARACÁIDAS**



OMI 295
**PUNTO
DE REUNIÓN**




OMI 810
**EXTINTOR DE PÓ
DE 5 KG**



OMI 830
**EXTINTOR DE CO₂
DE 2 KG**



OMI 635
MANGUEIRA



OMI 440
**ESTACIÓN DE
DESCARGA DE CO₂**



SAÍDA DE EMERXENCIA

SINALIZACIÓN II

7

Seguindo as indicacións dos sinais azuis ou amarelos coñecemos a obrigatoriedade de utilización de EPI ou a indicación de perigos.



**PROTECCIÓN
AUDITIVA**



**PROTECCIÓN
VISUAL**



CASCO



BOTAS



LUVAS



**RISCO
DE ATRAPAMENTO**



**CAÍDA A
DISTINTO NIVEL**



**RISCO
DE TROPEZOS**



**RISCO
ELÉCTRICO**



**PROXECCIÓN
DE PARTÍCULAS**



SERES VIVOS



**BAIXA
TEMPERATURA**



**CARGAS
SUSPENDIDAS**

RISCO ELÉCTRICO

8

Unha deficiente instalación eléctrica da embarcación pode provocar danos para a saúde, como electrocucións por contactos eléctricos directos ou indirectos, ou riscos de incendio debido a sobrecargas ou cortocircuitos. Para evitalo sigue os seguintes consellos:

Protexe a instalación con interruptores magnetotérmicos e diferenciais.

Sinaliza o risco eléctrico nos cadros eléctricos e equipos segundo o Rd 485/1997.

A auga salgada é moi boa condutora da electricidade. Non manipules equipos coas mans molladas.

As reparacións na instalación e equipos eléctricos só poden ser realizadas por persoal especializado e sen tensión.

Todos os equipos de traballo deberán posuír carcasas ou envoltentes que impidan os contactos eléctricos directos.

Asegúrate de que os fíos condutores están en bo estado. Nunca pode haber cables pelados.



É obrigatorio realizar un mantemento periódico da instalación eléctrica.

As baterías deben estar colocadas en compartimentos con boa ventilación e cos bornes limpos e engraxados para evitar cortocircuitos.

Os contactos eléctricos poden provocar queimaduras e mesmo parada cardiorrespiratoria.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

9

Os equipos de protección individual son aqueles destinados a ser levados ou suxeitados polos traballadores para que os protexan dos riscos que poden ameazar a súa seguridade ou saúde.

NAS FAENAS DE PESCA



ROUPAS DE AUGAS

Protéxete contra a choiva e as salpicaduras da auga do mar.



BOTAS

Íllate da humidade e a auga. Cómpre que teñan sola antiesvarante e a punteira reforzada.



LUVAS

Protexen as mans contra as agresións mecánicas (cortes, pinchazos, etc.) e evita o contacto con elementos irritantes.



CHALECO SALVAVIDAS

Vaite manter a flote no caso de caída accidental ao mar.



CASCO

En caso de manipular cargas en suspensión protexe a cabeza cun casco.



PROTECCIÓN TÉRMICA

O frío é mal compañeiro na pesca. Abrígate con roupa quente e cómoda.

NO MANTEMENTO DA EMBARCACIÓN



LENTES

Se vas rascar, chorrear ou utilizar desbarbadora evita as proxeccións aos ollos.



PROTECCIÓN AUDITIVA

Cando uses maquinaria que produce ruído, é necesario o uso de tapóns ou cascos de protección.



MÁSCARA

A protección respiratoria é imprescindible nas faenas de rascado e pintado.

EQUIPOS DE SALVAMENTO COLECTIVO: AROS SALVAVIDAS

10

Elemento de flotabilidade para asistencia en caso de caída ao mar.
Cómpre ter en conta algúns conceptos que nos van axudar a tomar unha decisión axeitada.

TER EN CONTA

- Os aros deben estar accesibles.
- Rotulación: nome e porto base ou matrícula do buque.
- Non se deben trincar nunca.
- É boa idea manter un aro a popa para uso inmediato en caso de home á auga.



CARACTERÍSTICAS

- Peso mínimo 2'5 kg
- Ø Externo 800 mm
- Ø Interno 400 mm
- Flotabilidade intrínseca: 14,5 kg Fe / 24 h
- Material ignífugo: autoextinción tras 2 s en chamas
- Grilanda:
Medida mínima 9'5 mm
Unida en catro puntos
Lonxitude 4 veces o perímetro do aro



RABIZA



LUZ



Directiva 2014/90/UE

Os aros deben dispor da
marcación de conformidade
segundo o Rd 701/2016.

EMBARCACIÓNS MAIORES DE 24 METROS

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • 24 m L < 45 m: 4 aros • 45 m L < 75 m: 6 aros • L 75 m: 8 aros | <ul style="list-style-type: none"> • 50% terán luz • 50% dos aros con luz terán sinal fumíxeno • 1 aro con rabiza a cada costado |
|--|---|

EMBARCACIÓNS MENORES DE 24 METROS

Pesca litoral, altura e gran altura:

- 1 aro con luz
- 1 aro con rabiza 27,5 m
- 2 aros con luz (arrastreiros con rampla a popa)

Pesca local:

- 12 m L < 24 m: 1 aro con rabiza 27,5 m + 1 aro con luz (navegación nocturna)
- L < 12 m: 1 aro con rabiza 18 m


EQUIPOS DE SALVAMENTO COLECTIVO: BALSA SALVAVIDAS

11


Elemento flotante destinado a soste un determinado número de persoas en caso de emerxencia con necesidade de abandonar o buque.

CARACTERÍSTICAS (Listaxe non exhaustiva)

- Peso máximo 185 kg
- Capacidade mínima 6 persoas
(En embarcacións menores de 24 m permítense as balsas de 4 persoas de capacidade, Rd 543/2007)
- Toldo protector
- Grilandas interiores e exteriores
- Boza como mínimo de 10 m
- Compartimentos infables independentes
- Paquete Solas A ou Solas B en función da zona de navegación
- A profundidade máxima de disparo da zafa hidrostática será de 4 m
- A carcasa indicará: fabricante, nº de serie, Solas, tipo de paquete, data de revisión, lonxitude da boza e altura máxima de estiba



ZAFA HIDROSTÁTICA, TER EN CONTA



- Montaxe axeitada
- Gancho pelicano
- Data de caducidade



As balsas deben dispor da marcación de conformidade segundo o Rd 701/2016.


CADRO ORGÁNICO

12

Cadro de obrigas e consignas para o caso de emerxencias.

OBRIGATORIEDADE

- Todas as embarcacións con cinco ou máis tripulantes ou buques de máis de 45 metros de eslora deben dispor de cadro orgánico.
- O cadro orgánico debe estar colocado nos lugares comúns do barco (comedor, camarotes, etc.).
- Todos deben coñecer as súas obrigas en caso de emerxencia, incendio ou abandono do buque, segundo vén reflectido no cadro orgánico.
- Se no teu barco tes compañeiros de nacionalidades que non falen o noso idioma, terás que asegurarte de que comprenden e coñecen a función que lles asigna o cadro orgánico.
- Mensualmente deberás facer simulacros e prácticas para resolver dúbidas nunha situación de emerxencia.



EXEMPLO DE CADRO ORGÁNICO DE OBRIGAS E CONSIGNAS

CARGO	MISIÓNS		
	Abandono do buque	Contraincendios	Home á auga
PATRÓN	· Dirixe as operacións · Encárgase da comunicación · Informa á tripulación · Embarca o último	· Dirixe as operacións · Encárgase da comunicación · Informa á tripulación · Ordena o peche de ventilacións	· Dirixe as operacións · Encárgase da comunicación · Goberna o barco para a manobra de home á auga
MOTORISTA	· Ordena colocación chalecos · Larga a balsa · Organiza o embarque	· Xefe de equipo contraincendios · Peche da ventilación e zapóns · Accionamento de bombas e válvulas	· Xefe do bote de rescate (se é o caso) · Largado de aros salvavidas
MARIÑEIRO	· Ás ordes do motorista · Axuda a arriar a balsa · Recolle utensilios e alimentos	· Ás ordes do motorista · Utiliza mangueras e extintores	· Arriado da escada e izado a bordo


ESTABILIDADE

13


A estabilidade é o poder de recuperación dun barco e a capacidade que ten para manterse dereito na auga cando escorou por forzas externas. O proxecto de construción ten moita importancia na estabilidade.




Guíate polo libro de estabilidade do teu barco.



A estabilidade non é unha medida ríxida, fixa ou intuitiva, senón obxectiva, real e variable.



A repartición equilibrada de pesos nas adegas e cuberta, inflúe moi positivamente na estabilidade.




Ao navegar en popa con mal tempo evita facelo á mesma velocidade que o tren de ondas que te segue.




As cargas e utensilios trincados e o buque "a son de mar" para afrontar o mal tempo.



Non fagas cambios na estrutura ou na maquinaria do buque sen consultar aos expertos como inflúe na estabilidade.



O francobordo é esencial, inflúe máis do que parece para que o barco se manteña estable.



Cargar pesos nas zonas altas diminúe de xeito importante a estabilidade.




Con mal tempo precisas evacuar a auga que embarcas. Coida de ter os embornais libres e as portas e tapas estancas pechadas.

EMERXENCIAS I: SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMA (GMDSS)

14

O sistema mundial de socorro e seguridade marítima (GMDSS) é un conxunto de procedementos de seguridade, equipos e protocolos de comunicación, deseñados para aumentar a seguridade e facilitar a navegación e o rescate de embarcacións en perigo.

COMPOÑENTES



Voz, fax e correo-e a través da rede INMARSAT



Transpondedores de radar



Transceptores de chamada selectiva dixital (DSC)



Telegrafía de impresión directa



Radiobaliza de localización (EPIRB) a 406 MHz

EMERXENCIAS II: CHAMADA DE SOCORRO

15

Para empregar os equipamentos de radiocomunicación temos que saber cales son as canles ou frecuencias que, para cada un deles, serven para pedir socorro.



Activa o botón vermello de socorro no DSC pulsándoo durante 5 segundos.

CHAMADA DE SOCORRO

Selecione a canle axeitada e diga:

- **MAYDAY ... MAYDAY ... MAYDAY** (lese MEDÉ ... MEDÉ ... MEDÉ).
- **Aquí a embarcación...** (dar o nome 3 veces).
- **Estou na posición...** (indicar as coordenadas).
- **Necesito axuda a causa de...** (indicar problema).

REPETIR A MENSAXE ATA OBTER CONTESTACIÓN

A canle 16 de VHF debe estar sempre á escoita.

Axudar a outras embarcacións é obrigatorio.



Só pida axuda se é absolutamente preciso.

Un rescate pode custar moito tempo e cartos.

EMERXENCIAS III: INCENDIO

16

Os incendios son a alarma máis común a bordo e son os responsables da perda de moitas vidas no mar. O adecuado mantemento dos equipos de extinción e un adestramento permanente da tripulación no seu uso, evitarán, en grande medida, as súas consecuencias.

En caso de lume dá a alarma berrando LUME, LUME, LUME e pide que avisen á ponte e ao patrón.

A continuación, apagar co extintor máis axeitado que estea máis preto.



Leva a bordo os equipos que indica o certificado de seguridade/conformidade.



Mantén os equipos revisados segundo o Rd 513/2017.

Sinaliza todos os equipos con sinais fotoluminiscentes.



Desde a ponte tocarase a bucina (sinal longo, curto, longo) varias veces.

CLASES DE LUME

AXENTE EXTINTOR	 A Sólidos	 B Líquidos	 C Gases	 F Graxas e aceites para cociñar
Auga a chorro	ADECUADO			
Auga pulverizada	EXCELENTE	ACEPTABLE		
Espuma	ADECUADO	ADECUADO		
Po ABC	ADECUADO	ADECUADO	ADECUADO	
CO ₂	ACEPTABLE	ACEPTABLE		
Produtos específicos para lumes de graxas e aceites para cociñas				ADECUADO

EMERXENCIAS IV: ABANDONO DE BUQUE

17

Situacións de perigo como as abordaxes, incendios ou encallamentos poden obrigar a abandonar a embarcación.



- Nunca abandones o buque se non é absolutamente necesario. Este é o lugar máis seguro para agardar polo rescate.
- Nunca esquezas avisar da emerxencia e dar o sinal de alarma antes de abandonar a embarcación (por radio, DSC, etc.).
- Non se largará a balsa salvavidas ata que o patrón dea a orde. Verifica que a boza da balsa estea amarrada á embarcación.
- Se tes traxe de inmersión vísteo. Garante a túa flotabilidade e protéxete contra a hipotermia



- Se tes radiobaliza, debes activala e levala contigo para a balsa salvavidas.
- Non te tires á auga sen máis. Viste roupa quente, pon o chaleco salvavidas e descalza as botas ou zapatos.
- Se hai tempo suficiente lanza os aros salvavidas.



- Se caes directamente á auga agárrate a calquera obxecto á deriva e non tentes nadar.
- Verifica que toda a tripulación está na balsa salvavidas. Pode haber feridos a bordo.
- Realiza mensualmente exercicios de abandono de buque. Unha tripulación adestrada non se deixa vencer polo pánico.

PRIMEIROS AUXILIOS I

18

Cómpre que saibamos como actuar diante dun accidente ou emerxencia médica que comprometa a saúde ou a vida dos pescadores a bordo.



TELÉFONOS DE INTERESE

- Central de emerxencias112
- Centro radiomédico español (ISM) 913 103 475
- Emerxencias marítimas 900 202 202

Mantén a caixa de primeiros auxilios do teu barco revisada e conforme o indicado no Rd 258/1999



FERIDAS

- Lavar con auga corrente e secar
- Aplicar algún antiséptico
- Cubrir con apósito



HEMORRAXIAS

- Deitar o accidentado
- Elevar a parte da ferida por riba do corpo
- Facer presión continua no lugar da hemorraxia



QUEIMADURAS

- Lavar con auga corrente
- Non romper as ampolas
- Cubrir con apósito
- Nas grandes queimaduras, non tirar a roupa agás no caso de queimadura química

PRIMEIROS AUXILIOS II

19

FRATURAS

Recoñecerás unha fractura polos seguintes sinais:

- Imposibilidade de mover o membro afectado.
- Dor na zona fracturada.
- Ás veces deformación ou simple inchazón.
- Non tentes endereitar o membro ou manipular a fractura.
- Inmobiliza a fractura collendo sempre a articulación superior e inferior.
- No caso de fractura aberta aplica un apósito estéril sobre a ferida.
- Nas fracturas de columna evita a flexión desta.



RCP

A maior complicación que se pode presentar é unha parada cardiorrespiratoria. Precisas recoñecela e saber facer a reanimación cardiopulmonar (RCP).

- 1º Determina a consciencia do accidentado movéndoo e falándolle.
- 2º Abre o canal respiratorio tirando da cabeza cara atrás e cara arriba e comproba que respira.
- 3º Se o resultado é negativo, avisa a emerxencias e inicie RCP.
- 4º Comeza coas compresións cardíacas, intercalando insuflacións de aire nos pulmóns do accidentado.

SECUENCIA: 2 insuflacións de aire por cada 30 compresións cardíacas.

RITMO: 100 compresións cardíacas por minuto.

COMPROBA PERIODICAMENTE O ESTADO DO PACIENTE



LEXISLACIÓN BÁSICA I

20

Preséntase nesta ficha a normativa específica de seguridade marítima que se deberá aplicar en función da eslora do buque. Así mesmo, preséntase unha relación non exhaustiva da normativa de prevención de riscos laborais.

ESLORAS

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	...					
LEXISLACIÓN															Rd 1216/1997																							
	Rd 543/2007																																					
																								Rd 1032/1999 modif. Rd 1422/2002														
	Rd 1185/2006																																					
	Rd 701/2016																																					

NORMATIVA BÁSICA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de
Prevención de Riscos
Laborais
(BOE do 10/11/1995).

Lei 23/2015, do 21 de xullo, Ordenadora do
Sistema de Inspección
de Traballo e Seguridade
Social (BOE do
22/07/2015).

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro,
polo que se aproba
o regulamento dos
Servizos de Prevención
(BOE do 31/01/1997).

Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, para
regular a actuación dos
técnicos habilitados en
materia de prevención
de riscos laborais
(BOE do 23/06/2005).

Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que
se establecen as
disposicións mínimas
de seguridade no
traballo a bordo dos
buques de pesca
(BOE do 07/08/1997).

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo
que se establecen as
disposicións mínimas de
seguridade e saúde
para a utilización polos
traballadores dos
equipos de traballo
(BOE do 07/08/1997).

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre
disposicións mínimas en
materia de sinalización
de seguridade e saúde
no traballo
(BOE do 23/04/1997).

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre
disposicións mínimas de
seguridade e saúde
relativas á utilización
polos traballadores
de equipos de protección
individual
(BOE do 12/06/1997).

Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro,
polo que se establecen
as normas para a
comercialización e posta
en servizo das máquinas
(BOE do 11/10/2008).

LEXISLACIÓN BÁSICA II

21

Preséntase nesta ficha unha relación non exhaustiva de lexislación e normativa marítima de aplicación aos buques de pesca.

OUTRA LEXISLACIÓN BÁSICA

Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que deberán cumprir buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros (BOE do 01/07/1999) Modificada por Rd 1422/2002.

Real decreto 543/2007, do 27 de abril, polo que se determinan as normas de seguridade e de prevención da contaminación que deberán cumprir os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora. (BOE do 01/06/2007).

Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís. (BOE do 28/11/2000).

Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois (BOE do 01/11/2006).

Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 2014/90/UE.

Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen as condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar. Modificada polo Rd 568/2011, do 20 de abril.

Real decreto 618/2020, do 30 de xuño, polo que se establecen melloras nas condicións de traballo no sector pesqueiro

Convenio internacional de Torremolinos para a seguridade dos buques pesqueiros (1977/1993).

Real decreto 963/2013, do 5 de decembro, polo que se fixan as tripulacións mínimas de seguridade dos buques de pesca e auxiliares de pesca e se regula o procedemento para a súa asignación

Resolución MSC.48(66), do 4 de xuño 1996, pola que se aproba o Código Internacional de Dispositivos de Salvamento (Código IDS).

Real decreto 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos do embarque marítimo (BOE do 31/12/2007).

CONVENIO SOLAS (Safety Of Life At Sea) 1974/1988, Convenio Internacional para a seguridade da vida humana no mar.



PREVENCIÓN DE RISCOS NA PESCA:
SEGURIDADE DENDE O EMBARQUE ATA O
DESEMBARQUE



[ISSGA.XUNTA.GAL](https://issga.xunta.gal)



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



Xacobeo
2027